

CINEGALICIA 25.

QUE É O CINE (GALEGO)?

MARLEN KHUTSIYEV

HEINZ EMIGHOLZ.

ARQUITECTURA COMO AUTOBIOGRAFÍA

DESENCADRES:

STAN BRAKHAGE, NATHANIEL DORSKY E PETER HUTTON

FÓRA DE SERIE

OFF GALICIA

CGAI JÚNIOR

XUNTA DE GALICIA

CINEGALICIA 25. QUE É O CINE (GALEGO)?

Co gallo do 25º aniversario da estrea das primeiras longametraxes galegas en 35 milímetros, respectivamente *Continental*, *Urxa* e *Sempre Xonxa*, creouse unha comisión que tivese como obxectivo xerar unha listaxe ou escolma de filmes do período 1989-2014. Centrándose en criterios historiográficos e procurando a maior representatividade e diversidade (industrial, xenérica, temática, a utoral), sen atender ás presuntas “mellores” películas galegas dos últimos 25 anos, convidouse a oito profesionais: Eduardo Galán, Miguel Anxo Fernández, Xosé Nogueira, Jaime Pena, Sabela Pillado, Fernando Redondo, José María Rodríguez Armada e José Manuel Sande.

Este ciclo é o resultado desa comisión. Curtas, longametraxes, animación, documental, unha síntese en imaxes deste cuarto de século. En paralelo, o Centro Museo Gaiás organiza unha exposición conmemorativa.

Por último, completamos o ciclo con tres sesións reservadas aos pioneiros, producións dos anos 70 e 80 previas a esta etapa. Moitas das sesións han contar con presentacións dos seus autores.

SESIÓNS CURTAMETRAXES PIONEIROS:

Sesión 1: *Retorno a Tagen Ata* (Eloy Lozano, 1974); *Fendetestas* (Antonio F. Simón, 1975); *O herdeiro* (Miguel Gato, 1976) e *O pai de Migueliño* (Miguel Castelo, 1977).

Sesión 2: *O monte é noso* (Llorenç Soler, 1978); *Tacón* (Xavier Villaverde, 1982); *Mamasunción* (Chano Piñeiro, 1984) e *Río de sombras* (Daniel Domínguez, 1986).

Agradecementos: Continental, Xavier Villaverde, TVG, Mariluz Montes, Carlos López Piñeiro P.C., Xosé Xoán Cabanas Cao, María de las Cuevas, Victor Ruppén, Carlos Aurelio López Piñeiro, Fernanda del Nido, Tic-Tac Producciones, Miguel Asensio, Jaime Fernández-Cid, Ricardo Llovo, Carlos Alberto Alonso, Sun Lua, Héctor Carré, Fenda, Raúl Veiga, Miguel Castelo, Ábrago Filmes, Atlántico, Juan Pinzás, Vici Producciones, Escola de Imaxe e Son de A Coruña, Concello da Coruña, Chema Gagino, Off Films, Adivina Producciones, Filmanova, Nós Cinema, Proavis, Luis Avilés, Alberte Pagán, IB Cinema, Xamalu Filmes, Perro Verde, Via Láctea, Vacca Films, Zeitun Films, Peque Varela, Artefacto, Fernando Cortizo, Dygra Films, Matriuska, Rebordelos, Xacio Baño.

MARLEN KHUTSIYEV

En colaboración con ImagineIndia (Madrid).

Marlen Khutsiyev é un cineasta ruso de orixe xeorxiana (Tbilisi, 1925), alumno de Mikhail Romn e fillo dun destacado militante comunista vítima das purgas de 1937. A súa primeira longametraxe, *Primavera en la calle Zarechnoy* (1956), codirixida por Feliks Mironer, é un dos títulos máis característicos do cine soviético do desxeo da época Krushev e “un dos primeiros en presentar un heroe obcecado coas súas decisións morais. O seu estilo caracterizouse sempre polo rexeitamento do maniqueísmo predominante na Unión Soviética, a concibir protagonistas que non son modelos nin culpables, a manipular os elementos anódinos da historia coa despreocupación que se convertería na súa imaxe de marca” (do texto que acompaña a retrospectiva no Lisbon & Estoril Film Festival). Khutsiyev sería un dos máis conspicuos representantes dunha nova onda do cine soviético, na medida en que os seus retratos da xuventude rusa gardan moita relación co vitalismo e as arelas de romper os esquemas narrativos da *Nouvelle Vague* francesa, algo que se pode comprobar en dúas das súas películas dos anos sesenta, *Tengo 20 años* (1965) e *Lluvia de julio* (1966), e sobre as que se alicerzou o prestixio de Khutsiyev. *Tengo 20 años* sufriu os rigores da censura soviética, que interrompeu constantemente a súa rodaxe, o que non impediu que fose premiada no Festival de Venecia. Os problemas volveron reproducirse con *Lluvia de julio*, o que o levou a traballar a continuación na televisión (*Era el mes de mayo*, 1970) e a centrarse nas súas clases na escola de cine VGIK. Malia que a súa obra comprende máis películas, o ciclo que agora ofrece o CGAI péchase coa apropiadamente titulada *Epílogo* (1983), unha obra de cámara filmada xa en cor, cando Marlen Khutsiyev comezaba xa a ser recoñecido oficialmente.

Agradecementos: Rosebud (Madrid).

HEINZ EMIGHOLZ: ARQUITECTURA COMO AUTOBIOGRAFÍA

En colaboración co Festival de Cine Europeo de Sevilla, CulturArts-Filmoteca del IVAC (Valencia), Escola Técnica Superior de Arquitectura (Universidade da Coruña).

Nacido en 1949 en Achim, no norte de Alemaña, Heinz Emigholz é un dos nomes máis coñecidos da vangarda cinematográfica alemá. Recoñecido axiña, (participou na Documenta 6, de 1977) dende os anos setenta desenvolve unha prolífica carreira filmando sen parar por todo o mundo, especialmente en Europa e Estados Unidos. Emigholz roda imaxes que logo, ás veces dez anos despois, atopan a súa forma definitiva nunha película determinada, películas que compoñen ciclos ou series que se van desenvolvendo en paralelo. En 1983 comezou coa súa serie *Photographie and Beyond* (“Fotografía e máis alá”) que se prolonga ata hoxe en día e da que forma parte unha subserie, *Architecture as Autobiography*, que é a que agora se presenta integramente no CGAI, onda os primeiros títulos dunha nova serie, *Decampment of Modernism*. Iniciada en 2000 coa medimetraxe *Sullivans Banken*, a serie comprende ata a actualidade un total de sete retratos de oito arquitectos: Louis H. Sullivan (*Sullivans Banken*), Robert Maillart (*Maillarts Brücken*, 2001), Bruce Goff (*Goff in der Wüste*, 2003), Rudolph Schindler (*Schindlers Houses*, 2007), Adolf Loos (*Loos Ornamental*, 2008), Frederick Kiesler (*Zwei Projekte von Friedrich Kiesler*, 2009), e Auguste e Gustave Perret (*Perret in Frankreich und Algerien*, 2012). Esta última integraría tamén a serie *Decampment of Modernism* xunto á súa película sobre Pier Luigi Nervi (*Parabeton – Pier Luigi Nervi und Römischer Beton*, 2012) e a que é, ata o de agora, a súa última longametraxe, *The Airstrip* (2014), presentada no último Festival de Berlín e na que Emigholz percorre o mundo a partir dunha reflexión sobre o modernismo arquitectónico. Se esta película conta cunha voz en off, nun estilo que pode recordar a dun Chris Marker, o resto das películas do ciclo sustentáanse simplemente nos rótulos sucesivos que nos dan o nome da obra filmada, o seu ano de construción e a data da rodaxe. Emigholz ordena cronoloxicamente as obras, proponendo así unha “autobiografía” do arquitecto. Filmando en puro presente, conforme unha lóxica que debe tanto a Claude Lanzmann como a James Benning, Emigholz “non só fai cambalear levemente a imaxe –en palabras de Olaf Möller–, senón que penetra (como el mesmo di) nos seus espazos, fai cambalear o mundo nos seus tres eixos á vez, desafiando a gravidade a través da visión. (...) Nos seus ensaios arquitectónicos (...) Emigholz usa esa estratexia de cambaleo tridimensional para facer visibles as tensións arquitectónicas nos edificios e, dese modo, os seus arquitectos: volve debuxar as liñas dos edificios, como se os aloumiñase, transformando a súa esencia en presenza.”

Presentacións e coloquio a cargo dos arquitectos Fernando Paz e Xoán Mosquera (martes 18, 20.30 horas); Luzando Agrasar (mércores 19, 18.00 horas); Emma López (mércores 19, 20.30 horas); Celestino García Braña (xoves 20, 18.00 horas); Fernando Agrasar (xoves 20, 20.30 horas); Celestino García Braña (venres 21, 18.00 horas) e Evaristo Zas (venres 21, 20.30 horas)

Agradecementos: Heinz Emigholz, Viviana Kammel, Stefan Fichtner (Filmgalerie 451, Berlín), José Luis Cienfuegos, Alejandro Díaz, Reyes Revilla, Elena Duque (Festival de Cine Europeo de Sevilla), Monika Meirhofer (Amour Fou, Viena), José Antonio Hurtado, Nuria Castellote (CulturArts-Filmoteca del IVAC, Valencia), Mario di Felice, Fernando Agrasar, Luz Paz Agras, Xoán Mosquera, Emma López Bahut, Celestino García Braña, Evaristo Zas (Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña).

DESENCADRES

As últimas sesións de Desencadres deste ano presentan obras de vellos coñecidos do CGAI. Por un lado, Peter Hutton e Nathaniel Dorsky cunha sesión que, como tal, se presentou en diversos festivais en 2013 (Toronto, New York, Gijón). Polo outro, o conxunto de obras de Stan Brakhage coñecido como *Vancouver Islands Quartet*, realizado ao longo da última década da súa vida.

Logo da retrospectiva que se lle dedicou no CGAI en 2010 en colaboración con Documenta, Peter Hutton volta coa súa película máis recente *Three Landscapes*, nova meditación paisaxística en tres escenarios ben diferenciados: unha área industrial de Detroit, o val do río Hudson e un volcán en Etiopía. Dorsky regresa coas súas dúas películas de 2013, *Song* e *Spring*, nesa liña tan característica que o converteu nun dos referentes indiscutibles da vangarda internacional. Ao longo deste último ano, Dorsky completou catro novas películas que esperamos poder programar a comezos de 2015.

A proxección das catro películas do ciclo *Vancouver Islands* de Stan Brakhage parte dunha suxestión da revista *Lumière*, algún de cuxos colaboradores presentará as dúas sesións en que se repartiron estes títulos rodados ou culminados entre 1991 e 2002, pouco antes da súa morte. Durante todo este ano o CGAI presentou distintas sesións cunha mostra representativa da inxente obra de Brakhage. A primeira sesión comprendía algúns dos seus traballos dos anos cincuenta. Con *Vancouver Islands* centrámonos, por fin, na última etapa da súa carreira. O vindeiro ano habemos propor outro percorrido alternativo pola súa obra.

“Baixo a forma dun himno, este é un rexistro da gama completa de cadencias e luminosidades das mareas, dende os tons acuáticos máis brillantes a outros medios do crepúsculo. *A Child's Garden and the Serious Sea* (1991) é a primeira das películas que forman a serie –forma cada vez máis predilecta na carreira de Stan Brakhage– *The Victoria Trilogy*, logo convertida en *Vancouver Island Quartet*, se cadra a última obra maior do cineasta, unha vez se estableceu na illa de Vancouver nos anos finais da súa vida –a serie, onde cada segmento mantén os seus propios elementos, está formada tamén por *The Mammals of Victoria* (1994), *The God of Day Had Gone Down Upon Him* (2000) e *Panels for the Walls of Heaven* (2002)–. Nela examina a infancia da segunda esposa de Brakhage, Marilyn, a través da paisaxe mariña de Victoria, en British Columbia. O cineasta intenta somerxerse no mundo dela nunha (auto)biografía que pasa pola transferencia e a identificación co pasado da súa muller: «Estaba no seu xardín de infancia, e alí estaba o mar, non como un contrapeso, senón como un xerador escondido de todo, do Mundo que debía ser descuberto por el/calquera neno» –a auga, neste mundo primitivo, controlarao todo–. Unha das primeiras inspiracións foi ARK, de Ronald Johnson –como atopar o xardín fóra dun mesmo? Descubríndose un mesmo no mundo exterior: de aí a analogía entre vida, luz, física e universo macro e microscópico–, un dos seus poetas favoritos cabo de Pound ou Stein, e Charles Olson.

Bruce Elder comparou esta obra de Brakhage co traballo de Monet ou Giverny, pois este filme é central no seu prolífico «período tardío», denominación que aplicamos á obra dos grandes pintores. Nel hai técnicas e tipos de película variadas en cor e contraste, así como a materialización do que rumiou durante a década dos 70 como «un posible arte do cine», incluíndo o «grao de recepción da luminosidade necesario para unha evolución única da forma fílmica» (palabras dirixidas ao cineasta Jim Davis) renovado a través das paisaxes na década dos 90, como os de Mesa Verde en *Visions in Meditations #2* (1990), película de viaxes polo Oeste con Marilyn, e de transición cara *A Child's...*, liberándose do psicodrama (ruptura con Jane, serie de películas –*Confession* [1986], ou o ciclo *Faust* [1987-89]–) e regresando ao espectro ceo–terra–auga (*Songs 3, 7, 8, 22* [1966], *Creation* [1979], *Made Manifest* [1980]...) para transformar os restos flotantes en mapas de estrelas e lembrar a terra nas follas ou nas plantas depositadas en pleno océano. A colisión de cores, de luces, concede unha certa ambigüidade ao estatuto da imaxe: meditación, intercambio, proxección ou biografía imaxinaria?”

Da presentación de *A Child's Garden and the Serious Sea* (Revista Lumière)

Agradecementos: Nathaniel Dorsky, Peter Hutton, Revista Lumière, Musac (León), Light Cone (París), Canyon Cinema (San Francisco).

Programación Ourense

Froito dun convenio asinado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e máis a Asociación Cultural Cineclub Padre Feijoo, a programación do CGAI esténdese a Ourense. As proxeccións teñen lugar os luns na Biblioteca Pública Nodal (Concello, 11) ás 20.30 e ás 23.00 horas. Máis info: <http://cineclubepf.blogspot.com/es/>

- 3 de novembro: *Paraíso: Esperanza* (2013) de Ulrich Seidl. 91'. Subt. castelán.
- 10 de novembro: *El último de los injustos* (2013) de Claude Lanzmann. 220'. Subt. castelán (único pase: 20.30 horas).
- 24 de novembro: *VidaExtra* (2013) de Ramiro Ledo. 96'.
- 1 de decembro: *E Agora? Lembra-me* (2013) de Joaquim Pinto. 164'. Subt. castelán (único pase: 20.30 horas).
- 15 de decembro: *Primavera en la calle Zarechnoy* (1956) de Marlen Khutsiyev. 94'. Subt. castelán.

MARTES

novembro
04 18.00 e 20.30 h
 Marlen Khutsiyev
Primavera en la calle Zarechnoy (1956)
 94'. Vídeo. Subt. castelán.



novembro
11 18.00 e 20.30 h
 Fóra de serie
10.000 Km.
 Carlos Marques-Marcet,
 2014.
 99'. DCP.



novembro
18 20.30 horas
 Heinz Emigholz
Sullivan's banks
 (1993-2000)
Maillart's bridges (2001)
Two projects by Frederick Kiesper (2006-2009)
 78'. 35 mm/Betacam.
 Presentación.

novembro
25 18.00 e 20.30 h
 CineGalicia 25
Continental
 Xavier Villaverde, 1989.
 100'. 35mm. Entrada de balde.

MÉRCORES

novembro
05 20.00 horas (¡!)
 Marlen Khutsiyev
Tengo 20 años (1965)
 165'. Vídeo. Subt. castelán.

novembro
12 18.00 e 20.30 h
 Fóra de serie
Frances Ha
 Noam Baumbach, 2012. 86'.
 DCP.
 Subt. castelán.

novembro
19 18.00 horas
 Heinz Emigholz
Goff in the Desert
 (2003)
 110'. 35mm. Presentación.
 20.30 horas
 Heinz Emigholz
Schindler's houses (2006)
 99'. 35mm. Presentación.

novembro
26 18.00 e 20.30 h
 CineGalicia 25
Urx
 Carlos A. López Piñeiro e
 Alfredo G. Pinal, 1989. 87'.
 35mm. Entrada de balde.



decembro
03 18.00 horas
 CineGalicia 25
Martes de carnaval
 (Pedro Carvajal, 1991)
 (+**O milagre da carne**) 110'.
 35mm.
 Entrada de balde.
 20.30 horas
 CineGalicia 25
La matanza canibal de los garrulos lisérgicos (Antonio Blanco e Ricardo Llovo, 1994)
 (+**As muxicas**)
 93'. Betacam. Entrada de balde.

decembro
10 18.00 horas
 CineGalicia 25
Santa Liberdade
 (Margarita Ledo, 2004)
 (+**Cousas de Kulechov**) 104'.
 Vídeo/Betacam. Entrada de balde.
 20.30 horas
 CineGalicia 25
Trece badaladas
 (Xavier Villaverde, 2002)
 (+**A subela**) 129'. 35mm. Entrada de balde.

decembro
17 18.00 horas
 CineGalicia 25
Celda 211
 Daniel Monzón, 2009. 109'.
 35mm. Entrada de balde.
 20.30 horas
 CineGalicia 25
Todos vós sodes capitáns
 (Oliver Laxe, 2010)
 (+**1977**)
 88'. 35mm/vídeo. Entrada de balde.

XOVES

novembro
06 18.00 e 20.30 h
 Marlen Khutsiyev
Lluvia en julio (1966)
 107'. Vídeo. Subt. castelán.

novembro
13 20.30 horas
 Desencadres
Song (Nathaniel Dorsky, 2013)
Spring (Nathaniel Dorsky, 2013)
Three Landscapes
 (Peter Hutton, 2013)
 89'. 16mm/Vídeo

novembro
20 18.00 horas
 Heinz Emigholz
Parabeton-Pier Luigi Nervi and Roman concret
 (2012)
 100'. DCP. Presentación.
 20.30 horas
 Heinz Emigholz
Loos Ornamental (2008)
 72'. 35mm. Presentación.

novembro
27 18.00 e 20.30 h
 CineGalicia 25
Sempre Xonxa
 Chano Piñeiro, 1989. 112'.
 35mm. Entrada de balde.

decembro
04 18.00 horas
 CineGalicia 25
Dame algo
 (Héctor Carré, 1997)
 (+**Constar**) 101'. 35mm. Entrada de balde.
 20.30 horas
 CineGalicia 25
Arde amor
 (Raúl Veiga, 1999)
 (+**O desexo**) 109'. 35mm. Entrada de balde.

decembro
11 18.00 horas
 CineGalicia 25
Bs. As.
 (Alberte Pagán, 2006)
 (+**JEDN**) 80'. Betacam/Vídeo.
 Entrada de balde.
 20.30 horas
 CineGalicia 25
O lapis do carpinteiro
 (Antón Reixa, 2003)
 (+**O río ten mans**) 122'. 35mm.
 Entrada de balde.

decembro
18 18.00 horas
 CineGalicia 25
Tralas luces
 Sandra Sánchez, 2011. 114'.
 Betacam. Entrada de balde.
 20.30 horas
 CineGalicia 25
O apóstolo
 (Fernando Cortizo, 2012)
 (+**Taxia**) 88'. DCP/35mm.
 Entrada de balde.

VENRES

novembro
07 18.00 horas
 Marlen Khutsiyev
Era el mes de mayo
 (1970)
 115'. Vídeo. Subt. castelán
 20.30 horas
 Marlen Khutsiyev
Epílogo (1983)
 92'. Vídeo. Subt. castelán.

novembro
14 18.00 horas
 Desencadres:
Stan Brakhage
A Child's Garden and the Serious Sea (1991)
The Mammals of Victoria
 (1994) 108'. 16mm.
 20.30 horas
 Desencadres: **Stan Brakhage**
The God of Day Had Gone Down Upon Him (2000)
Panels for the Walls of Heaven (2002)
 85'. 16mm.

novembro
21 18.00 horas
 Heinz Emigholz
Perret in France and Algeria (2012)
 110'. DCP. Presentación.
 20.30 horas
 Heinz Emigholz
The Airstrip (2014)
 120'. DCP. Subt. castelán.
 Presentación.

novembro
28 18.00 horas
 CineGalicia 25:
Pioneiros
Curtametraxes (I)
 (1974-1977)
 69'. 35mm/16mm. Entrada de balde.

20.30 horas
 CineGalicia 25:
Pioneiros
Curtametraxes (II)
 (1978-1986)
 89'. 35mm/vídeo. Entrada de balde.

decembro
05 18.00 horas
 CineGalicia 25
Era outra vez
 (Juan Pinzás, 2000)
 (+**Unha estrela**) 103'. 35mm/Betacam. Entrada de balde.
 20.30 horas
 CineGalicia 25
Blanca Madison
 (Carlos Amil, 2000)
 (+**Coruña imposible**) 94'. 35mm. Entrada de balde.

decembro
12 18.00 horas
 CineGalicia 25
Un conto para Olivia
 (Manane Rodríguez, 2007)
 (+**O soldadiño de chumbo**)
 107'. 35mm. Entrada de balde.
 20.30 horas
 CineGalicia 25
León y Olvido
 (Xavier Bermúdez, 2004)
 (+**Amor serrano**) 129'. 35mm.
 Entrada de balde.

decembro
19 18.00 horas
 CineGalicia 25
Arraianos
 (Eloy Enciso, 2012)
 (+**O cazador**) 90'. DCP/vídeo.
 Entrada de balde.
 20.30 horas
 CineGalicia 25
Costa da Morte
 (Lois Patiño, 2013)
 (+**Anacos**)
 85'. DCP/Betacam. Entrada de balde.

SÁBADO

novembro
08 18.00 horas
 Off Galicia
Sesión Roi Fernández
 60'. Vídeo. Presentación a cargo do seu autor. Entrada de balde.

novembro
15 18.00 horas
 Off Galicia
Tilda & Jean
 Dario Austrán, 2012.
 70'.
 Vídeo. Presentación.
 Entrada de balde.

novembro
22 18.00 horas
 CGAI Júnior
Cocorico
 (Oco Films, 2012) 52'.
 Vídeo. Entrada de balde.

novembro
29 18.00 horas
 CineGalicia 25:
Pioneiros
Malapata (Carlos A. López Piñeiro, 1980)
 (+**Illa**)
 95'. 16mm. Entrada de balde.



decembro
13 18.00 horas
 CineGalicia 25
De profundis
 (Miguelanxo Prado, 2006)
 (+**Minotauromaquia**) 81'.
 35mm. Entrada de balde.

decembro
20 18.00 horas
 CineGalicia 25 /
 CGAI Júnior
O bosque animado
 Manuel Gómez e Ángel de la Cruz, 2001. 83'. 35mm.
 Entrada de balde.

CGAI  CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE
 FILMOTECA DE GALICIA

Información xeral
 Todos os filmes se proxectan en versión orixinal, agás indicación contraria.
 A duración dos filmes é orientadora e aproximada. Esta programación pódese ver alterada por razóns alleas á nosa vontade.
 Unha vez comezada a sesión, non se permitirá a entrada á sala de proxeccións.
 As sesións de capacidade limitada teñen reservado un número indeterminado de

butacas. As sesións sinaladas con signos de exclamación (!) sofren modificacións respecto dos horarios habituais.

Prezo da entrada
 • Xeral: 1'20 €
 • Carné Xove: 0'60 €
 • Abono para 10 sesións: 9 €
 • As sesións de entrada gratuita notificaranse no programa.

A venda de entradas iniciárase 15 minutos antes de comezaren as sesións (non se venden entradas anticipadamente). Só se venderán un máximo de dúas entradas por persoa.

Sala de proxeccións
 CGAI. Durán Loriga, 10 baixo. 15003 A Coruña

Tel.: 881 881 270
 Fax: 881 881 271
 E-mail: programacion.cgai@xunta.es

Subtitulado en galego
 Subtitula'm S.L.

Información adicional
 www.cgai.org

Programación | 229 |
novembro
decembro | 2014 |

AGADIC 

Agencia Galega das Industrias Culturais

 XUNTA DE GALICIA



